

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

## CIRCE OU O PRACER DO AZUL



*Circe ou o pracer do azul* (2009) foi o debut literario da escritora e xornalista Begoña Caamaño. A novela propón unha lectura feminista dos mitos gregos, centrada nas figuras de Penélope e Circe, que dialogan entre si para reinterpretar o relato clásico desde as súas propias voces.

A trama comeza cando Penélope, tras anos de espera, recibe unha carta de Circe na que esta lle confesa que Ulises vive con ela. A partir desa revelación, as dúas inician unha correspondencia epistolar onde reflexionan sobre o amor, o desexo, o poder e a independencia feminina.

A obra tivo unha gran repercusión crítica e foi considerada un dos textos máis orixinais da narrativa galega do século XXI. O estilo poético de Caamaño e a súa capacidade para subverter a mirada patriarcal fixeron dela un referente na escrita feminista, na que ofreceu unha nova visión dos mitos universais ao tempo que abriu camiños a outras autoras que reinterpretaron a tradición desde unha óptica de xénero.



# 1



## BEGOÑA CAAMAÑO

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

## O CALVARIO


# 2



Espazos polos que transitou a autora: a casa familiar desaparecida, Bodegas Bandeira, a rúa Urzaiz hai algúns anos e a igrexa dos Picos.

**Begoña Caamaño** nace en Vigo o 14 de outubro de 1964. Desenvolve os seus anos de formación no barrio do Calvario, naquela altura un espazo a cabalo entre o mundo urbano e o rural.

Son anos de xogos, de tecer lazos de amizade con amigas e amigos. É un período de aprendizaxe no que se conforma unha personalidade singular, de mans dadas á lectura, á curiosidade e ao coñecemento dun territorio e dun tempo: o da súa infancia e primeira adolescencia, que sempre foi canda ela.



Nestes códigos QR podeses facer un percorrido polos espazos que constituíron o seu día a día nos primeiros anos de vida.



## BEGOÑA CAAMAÑO

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

## COIA

Nos anos setenta, Vigo abríase en canal para reinventarse. A reconversión industrial deixaba fábricas pechadas e vidas suspendidas, mentres o novo barrio de Coia se erguía entre o formigón e a esperanza.

En 1976, a casa do Calvario onde crecera Begoña Caamaño foi expropiada e derrubada para abrir a rúa Jenaro de la Fuente. A familia tivo que marchar, e en Coia atopou outro fogar, nese labirinto de bloques onde se mesturaban o ruído das obras, a loita obreira e a sombra da heroína.

Begoña estudou no colexio Amor de Dios e no IES Alexandre Bóveda. Coia sería a súa escola de vida, o lugar onde aprendeu que resistir tamén é un acto de valentía.

A casa onde viviu en Coia e o instituto Alexandre Bóveda, no que estudou.

# 3



## BEGOÑA CAAMAÑO

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

# 4

## A XORNALISTA



Edificio El Moderno da Porta do Sol. Nel estivo a primeira delegación da Radio Galega en Vigo, na que traballou a autora.

Despois de realizar un curso de radio nas instalacións de Radio Noroeste, en 1986 Begoña Caamaño incorporouse á sección de informativos desta empresa radiofónica. Dous anos máis tarde pasaría ao equipo de Radio Popular de Vigo.

En 1989 uniuse á compañía da Radio Galega, onde participa na divulgación do primeiro programa realizado desde unha delegación: *Trécolas*. Nesta etapa viguesa foi correspondente da Axencia Galega de Noticias e do xornal madrileño *El Sol*. A partir de 1992, Begoña Caamaño exerceu a profesión na sede central da Radio Galega (Santiago), onde foi redactora de informativos para despois dirixir e presentar os seguintes espazos: *Diario Cultural*, *Andando a Terra*, *Club Cultura* e *Expreso de Medianoite*. Tamén en Santiago compaxina a radio con colaboracións para xornais como *A Nosa Terra*, *Novas da Galiza* ou a revista *Tempos*.



## BEGOÑA CAAMAÑO

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

## BEGOÑA NO ALUMNADO

# 5



O IES Castelao actual no antigo edificio, por onde ela xogou de pequena



Interpretacións artísticas do alumnado do IES Castelao sobre a figura e a obra de Begoña Caamaño

## BEGOÑA CAAMAÑO

AUTOR: INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA CASTELAO, VIGO (PONTEVEDRA)

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

## A FEMINISTA



Bares de Compostela que frecuentou e onde había moito activismo e grupos feministas cos que colaborou activamente (As Crechas, o Avante, o Morgan [O Xa Chegou], o Pichel e a praza 8 de Marzo, coa que se sentía moi vinculada).

# 6

Un dos grandes obxectivos da loita de Begoña Caamaño foi o feminismo. Desde moi nova militou activamente en colectivos e participou en mobilizacións a prol dos dereitos das mulleres, como a Marcha Mundial das Mulleres, Mulleres Galegas na Comunicación (MUGACOM), Mulheres Transgredindo ou a Plataforma Feminista Galega. Defendía o entendemento solidario entre as mulleres e o concepto de sororidade como ferramenta para acadar maiores cotas de liberdade.

A loita feminista marcou a súa traxectoria vital e a súa creación literaria. A súa obra caracterízase pola reescritura de figuras femininas procedentes da mitoloxía clásica e da materia de Bretaña. Unha revisión dos mitos desde unha perspectiva de xénero.

A procura da igualdade que está detrás da militancia no feminismo mobilizou tamén á autora noutras causas como o recoñecemento da diversidade e o compromiso constante coa súa terra, Galicia.

O 8 de marzo do 2015 colocáronse en Compostela carteis co lema de Begoña:

**"É o tempo do feminismo: da xustiza, da igualdade, da liberdade, da dignidade e, por que non?, da felicidade".**

## BEGOÑA CAAMAÑO

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026



A ACTIVISTA

7



A Cova dos Ratos, centro social en Vigo.

Foi unha loitadora en primeira liña polos dereitos do mundo laboral, polos dereitos da muller e do feminismo, e reivindicou a defensa do noso medio ambiente diante de ataques como o que sufriu no afundimento do Prestige, alén de amosar o seu compromiso con outras causas como a do antimilitarismo. Desenvolveu, tamén, postos de responsabilidade no ámbito sindical do nacionalismo.

BEGOÑA CAAMAÑO

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

## A VOZ DAS AMIGAS

# 8

Begoña Caamaño fixo da palabra unha arma para loitar por un mundo máis xusto. Teceu ao seu redor unha rede de afectos e de conciencia: unha rede lila, sólida e luminosa, que continúa a vibrar nas voces das súas amigas, compañeiras e lectoras.

A súa traxectoria vital e, sobre todo, intelectual estivo guiada por un principio de coherencia: vivir e pensar desde Galicia, desde o feminismo, desde o compromiso coa liberdade e na defensa da diversidade. Cría nun país máis xusto e máis consciente, e loitou por el desde o pensamento, a escrita e a acción.

Hoxe, as voces das súas amigas continúan ese fío de lucidez e esperanza que une xeracións e recorda que Begoña Caamaño segue sendo, no eco das palabras compartidas, unha presenza necesaria e viva.



Neste código QR recóllense opinións actuais sobre a autora que emiten un grupo de amigas ou estudosas súas.



A Fundación Granell, onde se lle fixo unha homenaxe, engalanada de carteis conmemorativos.

## BEGOÑA CAAMAÑO

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

# 9

## RECOÑECIMENTOS, HOMENAXES E OUTRAS MULLERES NO DÍA DAS LETRAS



O parque que leva o seu nome en Compostela.

Begoña Caamaño destacou pola súa obra narrativa feminista, con títulos como *Circe ou o pracer do azul* (2009) e *Morgana en Esmelle* (2012). Esta última recibiu o Premio da Crítica de narrativa galega, o Premio Ánxel Casal, o Premio Antón Losada Diéguez e o Premio da AELG á mellor obra de narrativa, o que a converteu nunha das autoras máis recoñecidas da literatura galega contemporánea.

Tras o seu falecemento en 2014, sucedéronse múltiples homenaxes: no primeiro cabodano, o acto "Begoñísima" en Compostela reuniu escritoras, músicas e artistas, e presentáronse as obras *O libro das amigas* e *De Circes e Morganas*; no décimo cabodano, o Teatro Principal acolleu "Celebrando Begoña Caamaño", con actuacións de Guadi Galego, Uxía Senlle e Ana Romaní, estreouse o tema "Morgana" e un monólogo inspirado na súa obra. Desde 2017 existe o Premio Begoña Caamaño á acción cultural pola igualdade, convocado pola Deputación da Coruña.


A súa elección para o Día das Letras Galegas 2026 reforza a presenza feminina nesta efeméride. En máis de sesenta anos só sete mulleres escritoras, ademais das tres cantareiras e tocadoras, foron homenaxeadas fronte a máis de cincuenta homes: Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido, María Mariño, María Victoria Moreno, Xela Arias, Luísa Villalta e agora Begoña Caamaño.

## BEGOÑA CAAMAÑO

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

# 10

## MORGANA EN ESMELLE



A Morgana de Begoña reclama o dereito a contar a súa historia, narrada polas voces intercaladas de Merlín, o cronista de Ávalon, e Felipe de Amancia. Son eles os que van entretecendo a vida de Morgana e o seu destino co de Britania.

O mago Merlín retrotráese á súa estada en Ávalon, en que se namorara de Viviana e da que marchara sen retorno. Emprende así o seu proxecto de unión celta: da raíña viúva e nai de Morgana nace, maxicamente, Artur; asemade, Merlín asume a educación cristiá doutra princesa, Xenebra.

Da voda real concertada por Merlín, en que os medio irmáns manteñen unha relación incestuosa, xurdirá o bastardo que mate ó rei e desbarate o plan do mago. Morgana redimirase conversando con Xenebra en Esmelle.

A través da mutua comprensión Morgana recupera o control sobre a súa historia. Esta voz recuperada é tamén a derradeira voz literaria de Begoña Caamaño.



## BEGOÑA CAAMAÑO